







Des oge mais quer'eu trobar

Cántigas de Santa Maria, n. 1



Stanza



Stanze

1 Des oge mais quér' éu trobar
pola Sennor onrrada,
en que Déus quis carne fillar
bêeita e sagrada,
por nos dar gran soldada
no séu reino e nos erdar
por séus de sa masnada
de vida perlongada,
sen avermos pois a passar
per mórt' outra vegada.

2 E porên quéro começar
como foi saüdada
de Gabriél, u lle chamar
foi: “Benaventurada
Virgen, de Déus amada:
do que o mund' á de salvar
ficas óra prennada;
e demais ta cunnada
Elisabét, que foi dultar,
é end' envergonnada”.

3 E demais quéro-ll' enmentar
como chegou canssada
a Beleên e foi pousar
no portal da entrada,
u pariu sen tardada
Jesú-Crist', e foi-o deitar,
como mollér menguada,
u deitan a cevada,
no presév', e apousentar
ontre bestias d' arada.

4 E non ar quéro obridar
com' ángeos cantada
loor a Déus foron cantar
e “paz en térra dada”;
nen como a contrada
aos tres Reis en Ultramar
ouv' a strela mostrada,
por que sen demorada
vêéron sa oférta dar
estranna e preçada.

5 Outra razôn quéro contar
que ll' ouve pois contada
a Madalena: com' estar
viu a pédr' entornada
do sepulcr' e guardada
do ángeo, que lle falar
foi e disse: “Coitada
mollér, sei confortada,
ca Jesú, que vês buscar,
resurgiu madurgada.”

6 E ar quéro-vos demostrar
gran lediç' aficada
que ouv' ela, u viu alçar
a nuv' enlumẽada
séu Fill'; e pois alçada
foi, viron ángeos andar
ontr' a gent' assũada,
mui desaconsellada,
dizend': “Assí verrá julgar,
est' é cousa provada.”

7 Nen quéro de dizer leixar
de como foi chegada
a graça que Déus enviãr
lle quis, atán grãada,
que por el' esfôrçada
foi a companna que juntar
fez Déus, e enssinada,
de Spírit' avondada,
por que soubéron preegar
lógo sen alongada.

8 E, par Déus, non é de calar
como foi corõada,
quando séu Fillo a levar
quis, des que foi passada
deste mund' e juntada
con el no céo, par a par,
e Reínna chamada,
Filla, Madr' e Criãda;
e porên nos dev' ajudar,
ca x' é nöss' avogada.